

Premiada 2007: Inmaculada Paz Andrade



A Unidade de Muller e Ciencia acordou no seu plenario do 27 de novembro conceder o Premio María Wonenburger a **Inmaculada Paz Andrade**, catedrática de Física Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela.

Inmaculada Paz Andrade foi, no campo da docencia, a primeira muller nomeada Profesora Adxunta (hoxe Profesora Titular) Interina da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago (USC), a primeira muller Profesora Adxunta por oposición, a primeira muller Encargada de Cátedra da Facultade de Ciencias, a primeira muller Profesor Agregada da Facultade de Química e a primeira muller Catedrática da Facultade de Física. Dirixiu máis de 30 teses de doutoramento.

No ámbito da investigación, iniciou unha carreira científica vocacional cunha traxectoria fulgurante que pronto é recoñecida tanto a nivel estatal como no eido internacional, converténdose en referencia mundial como especialista en Microcalorimetría, Termoxénese e Análise Térmico Diferencial. Creou o Grupo de Microcalorimetría da USC e os seus laboratorios. Introduciu a Microcalorimetría en España e creou escola investigadora en Microcalorimetría non só nas tres universidades galegas, senón tamén noutras do Estado e en centros do CSIC.

No ámbito profesional internacional, está considerada como unha das mellores investigadoras no campo da Termodinámica e a Microcalorimetría. Ten realizado máis de 225 publicacións científicas e colabora cos mellores especialistas a nivel mundial nos campos da súa especialidade.

Creou e dirixe o Grupo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais (Grupo THOR), un sistema experto para predicir o risco de incendios forestais en Galiza que constitúe un Fito na súa carreira investigadora e no que se inclúen investigadores das tres universidades galegas e o CSIC.

É, dende 1999, Profesora Emérita da USC. Recibiu a Medalla de Ouro de Física da Real Sociedade Española de Física (1992), o Premio Galicia de Investigación Científico-Técnica Antonio Casares y Rodrigo; da Xunta de Galicia e a Insignia de Ouro da Universidade Compostela.

- [Curriculum Vitae Inmaculada Paz Andrade \[pdf\]](#) [1]
- [Semblanza Inmaculada Paz Andrade \[pdf\]](#) [2]
- [Discurso Inmaculada Paz Andrade \[pdf\]](#) [3]

- [Ciencia](#) [4]
- [Investigación](#) [5]
- [Tecnoloxía](#) [6]
- [Premio](#) [7]

- [Ciencia](#)
- [Investigación](#)
- [Tecnoloxía](#)
- [Premio](#)

Source URL:

<http://unidadedamullereciencia.plexus.es/ficha/premiada-2007-inmaculada-paz-andrade>

Ligazóns:

- [1] http://www.unidadedamullereciencia.es/sites/default/files/CV_Mar%C3%ADa-Inmaculada-Paz-Andrade.pdf
- [2] http://www.unidadedamullereciencia.es/sites/default/files/Semblanza_M%C2%AAInmaculadaPazAndrade.pdf
- [3] http://unidadedamullereciencia.plexus.es/sites/default/files/users/1/discurso_mainmaculadapazandrade.pdf
- [4] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-temas/ciencia-0>
- [5] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-temas/investigacion-0>
- [6] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-temas/tecnoloxia>
- [7] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/category/taxonomia-tipos/premio>